

N

TURGALICIA
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 149 18-24 MARZO '08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónase en contacto con nós no teléfono:

902 200 432

ou no fax:

981 542 659



www.turgalicia.es



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/Uruguai 2, 3ª dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 e-mail: imaxenova@imaxenova.com

FORMACIÓN EN CALIDADE TURÍSTICA

TURGALICIA organiza, ata o mes de xuño, tres cursos relacionados cos beneficios dun sistema de xestión de calidade

En liña co seu labor de formación en calidade turística desenvolvido ata o de agora, a Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, **TURGALICIA**-Dirección Xeral de Turismo, segue organizando cursos de formación e de promoción do Sistema de Calidade Turística Española entre o sector turístico galego, e ten abertas as inscricións para tres cursos que se celebrarán entre os meses de abril e xuño. Son os seguintes:

"Sistema de Xestión da Calidade. Aplicación práctica e técnicas de comunicación". O seu obxectivo é obter unha visión global e completa dos beneficios da correcta implantación dun sistema de xestión de calidade, e facilitar os coñecementos para a súa aplicación práctica. O curso conta con 20 prazas e terá lugar os días 1 e 2 de abril.

"Como promocionar a pequena empresa turística do sector aloxamento en Internet?". Co obxectivo de sensibilizar aos asistentes sobre os cambios no sector, concienciar sobre a importancia do relevo xeracional e desmitificar certas ideas sobre seguridade nas



Imaxes de establecementos galegos co "Q" de Calidade.

compras *on line*, este curso celebrarase os días 15 e 16 de abril.

"Principios de Estratexia e Marketing para pequenas empresas turísticas". Dividido en tres módulos de 16, 20 e 12 horas, celebrarase os días 6, 7, 20, 21 e 22 de maio e

11 e 12 de xuño. Nel impartiranse talleres prácticos de elaboración de estratexias e plans de marketing para un pequeno establecemento turístico de Galiza.

Información e inscricións:
Tel. 981 54 25 67/ fax 981 54 26 68

A galega Beatriz Sotelo, gañadora do concurso estatal "Cocinero del Año"

Beatriz Sotelo, cocineira e copropietaria do restaurante "A Estación", de Cambre (A Coruña) foi proclamada gañadora do concurso "Cocinero del Año", o primeiro na súa categoría en todo o Estado.

De entre máis dun millar de cocineiros inscritos, oitenta foron os seleccionados para participar en oito semifinais en distintas cidades e só oito conseguiron chegar ata a gran final, celebrada o pasado día 13 de marzo en Barcelona, no marco do Salón Internacional de Ali-

mentación e Bebidas "Alimentaria".

Beatriz Sotelo, a única muller participante, contou como axudante co profesor do Centro Superior de Hostelería de Galicia Braulio García. Os dous cocineiros galegos gañaron a gran final cun menú de luxo, aínda que tiveron que gastar menos de 13 euros na compra da materia prima, composto por un canelón de faisán e trufa con setas de temporada salteadas (primeiro), unha merluza de Ceieiro con pil de limón e pe-



mentos verdes (segundo) e un biscoito de améndoas con escuma de albariño e mazá verde (sobremesa).